



**ORZAMENTOS DA UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

2016

**Aprobados polo Consello Social na súa
sesión do 22 de decembro de 2015**

Resolución do 23 de decembro de 2015 pola que se publica o
orçamento para 2016 (DOG nº3 do 7 de xaneiro de 2016)

Índice

INTRODUCCIÓN.....	5
ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS.....	8
RESUMO XERAL ORZAMENTO 2016. CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.....	8
DETERMINACIÓN DO TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO	9
ORZAMENTO DE INGRESOS	10
INGRESOS NON AFECTADOS.....	10
CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	10
CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES.....	12
CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS.....	12
CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.....	12
CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS.....	12
INGRESOS AFECTADOS.....	13
ORZAMENTO DE GASTOS	15
GASTOS NON AFECTADOS.....	15
CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL.....	15
CAPÍTULO II. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS.....	19
CAPÍTULO III. GASTOS FINANCEIROS.....	20
CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES.....	22
CAPÍTULO VI E VII. OPERACIÓNS DE INVESTIMENTO	23
GASTOS LIGADOS AO SANEAMENTO FINANCEIRO.....	24
ORZAMENTO DE GASTOS DO CONSELLO SOCIAL.....	24
GASTOS AFECTADOS	25
CADROS EXPLICATIVOS.....	27
CADRO 1: DIFERENCIAS ENTRE AS CONTÍAS ORZAMENTARIAS RECOLLIDAS NAS LIÑAS XERAIS E NO ORZAMENTO DEFINITIVO DA USC PARA 2016.....	27
CADRO 2: INGRESOS.....	29
CADRO 3A. CAPÍTULO I NO EXERCICIO.....	32
CADRO 3B. CAPÍTULO I. EVOLUCIÓN DO GASTO CONSOLIDADO 2016-2017	33
CADRO 4. CAPÍTULO II.....	35
CADRO 5: CAPÍTULO IV	39
CADRO 6: CAPÍTULO VI E VII.....	41
CADRO 7: APLICACIÓN DOS INGRESOS AFECTADOS PROCEDENTES DA APORTACIÓN DO BANCO DE SANTANDER A GASTOS DE CONFORMIDADE CO CONVENIO SUSCRITO COA UNIVERSIDADE.....	42

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO	44
ORZAMENTO 2016 CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	44
TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO	44
NORMAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO	45
ORZAMENTO POR CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	63
CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL.....	63
CAPÍTULO II: GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS.....	68
CAPÍTULO III: GASTOS FINANCEIROS	77
CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES.....	78
CAPÍTULO V: FONDOS DE IMPREVISTOS E CONTINXENCIA	80
CAPÍTULO VI: INVESTIMENTOS REAIS	80
CAPÍTULO VII: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	82
CAPÍTULO IX: VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS.....	82
ORZAMENTO POR CLASIFICACIÓN ORGÁNICA.....	83
ORZAMENTO POR CLASIFICACIÓN FUNCIONAL.....	90
CADRO DE PERSOAL PDI E PAS.....	101
RESUMO DO CADRO DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR.....	101
DETALLE DO CADRO DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR	102
RESUMO DO CADRO DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	121
CADRO DE PORCENTAXES DE CUSTOS INDIRECTOS	124
DISTRIBUCIÓN DO CRÉDITO POR CENTROS	125
PROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN DE TARIFAS PARA O ANO 2016 DOS	
SERVIZOS DA USC.....	127
SERVIMAV	127
ARQUIVO HISTÓRICO	129
BIBLIOTECA XERAL	130
SERVIZOS XERAIS DA REDE DE INFRAESTRUTURAS DE APOIO Á	
INVESTIGACIÓN E AO DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO (RIAIDT).....	131
CENTRO DE LINGUAS MODERNAS.....	133
TARIFAS DA ESTACIÓN HIDROBIOLÓXICA "ENCORO DO CON" PARA	
TRATAMENTO DE MOSTRAS E ANÁLISES.....	133

INTRODUCCIÓN

O orzamento da USC para o exercicio de 2016 ven marcado por dous feitos fundamentais:

- a) Ser o segundo que aplica o Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio, necesario para absorber o déficit acumulado pola institución e asegurar, dentro do equilibrio orzamentario esixido pola lexislación vixente, a súa capacidade para reintegrar a débeda a longo prazo asumida co Estado e coas entidades bancarias derivadas das súas políticas de investimento.
- b) Ser o primeiro de vixencia do Plan Galego de Financiamento Universitario (PGFU), que se estenderá ata o ano 2020.

Dende o punto de vista formal, nel mantéñense as modificacións introducidas no orzamento de 2015 para permitir diferenciar, tanto na formulación inicial como na xestión e liquidación, os ingresos e gastos non afectados dos afectados ou finalistas pero ampliando a precisión dese instrumento técnico ao incorporar como ingresos afectados a gastos algúns derivados do PGFU que ata este ano tiñan a consideración de non afectados ou estruturais (en concreto, os ingresos que financian os complementos retributivos autonómicos, os sexenios e os complementos retributivos do persoal docente con praza vinculada coas hospitalarias do SERGAS, así como, tamén, os derivados dos programas de estabilización de persoal docente e investigador). Cúmrese así o mandato recollido no primeiro dos epígrafes de Servizos Xerais indicados na Programación Plurianual aprobada polo Consello Social no ano 2014.

Neste mesmo sentido, e dado o novo cadro de recursos dispoñibles derivado do PGFU, no orzamento da USC pasará a ter a consideración de afectado o ingreso da contribución do Banco de Santander á universidade, derivada do convenio renovado ata o ano 2018, por un importe de 1.800.000 € anuais, ao que se lle deducirán os custes indirectos aplicables de forma xeral aos recursos captados pola USC (neste caso, unha dedución por ese concepto do 20%).

Igualmente, o novo orzamento mantén a previsión de crear Programas Integrados de Xestión de Investigación (que, no orzamento de 2015 denomináronse “programas institucionais”), que se diferencien dos proxectos singulares de I+D+i, co obxecto de estruturar e fornecer de bases máis solventes ao desenvolvemento da investigación na USC, facéndoo compatible co maior grao de seguridade xurídica e financeira requirida para unha acaída xestión económico-financeira. En 2015 desenvolveuse mediante instrución da Xerencia o procedemento de elaboración de propostas e de xestión deses programas, e o Consello Social validou 8, aprobados xa por parte do Consello de Goberno. En concreto, os programas aprobados son os seguintes:

1. BIOGROUP: TECNOLOXÍAS PARA O TRATAMENTO E RECUPERACIÓN DE RECURSOS DE AUGAS RESIDUAIS E RESIDUOS
2. FISICA DE PARTÍCULAS: TEORÍA E FENOMENOLOXÍA DE PARTÍCULAS, ASTROPARTÍCULAS E INTERACCIONS FUNDAMENTAIS
3. UNIDADE DE ENXEÑARIA MATEMATICA: APLICACIÓNS DA SIMULACIÓN NUMÉRICA E A OPTIMIZACIÓN Á INDUSTRIA
4. ACUIGEN: GENÉTICA PARA A ACUICULTURA, A CONSERVACIÓN DE RECURSOS E APLICACIÓNS EN BIOMEDICINA
5. TERRITORIO E BIODIVERSIDADE: ANÁLISE E DESEÑO DE INSTITUCIÓNS, DINÁMICAS E TECNOLOXÍAS PARA A XESTIÓN TERRITORIAL

6. INSTITUTO DE CIENCIAS FORENSES: INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E SERVIZOS EN CIENCIAS FORENSES
7. INSTITUTO DA LINGUA GALEGA: DESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN DE FERRAMENTAS DE DOCUMENTACIÓN, VISUALIZACIÓN E ANÁLISE DE DATOS LINGÜÍSTICOS
8. CAMPUS TERRA: ESTRATEXIA DE I+D (Programa Institucional)

No plano da xestión orzamentaria de I+D, en 2016 mantense o funcionamento do fondo de imprevistos, creado en 2015, financiado cun 1% dos ingresos obtidos e, no seu caso, da aplicación de remanentes orixinados polas actividades financiadas con recursos afectados e que se destinará a atender as derivacións orzamentarias das mesmas (xuros de mora, devolucións de fondos ou indemnizacións de persoal).

Por último, dende o punto de vista da supervisión e seguimento orzamentario, manterase a obriga de realizar dous informes, un no mes de abril, á finalización do 1º trimestre, e outro no mes de outubro, á finalización do 3º trimestre, que se deben render a unha comisión mixta entre a de Asuntos Económicos do Consello de Goberno, e Executiva do Consello Social e a de Asuntos Económicos do Claustro co obxecto de realizar o seguimento da implantación das medidas derivadas do Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio e determinar, de conformidade co previsto na actualización do mesmo, a dimensión dos compromisos de gasto corrente que poden consolidarse no exercicio inmediatamente seguinte, sen prexuízo das competencias dos distintos órganos na elaboración e aprobación do orzamento, en base ás previsións realizables con certeza dada a mecánica do PGFU de traballar con datos para a formulación dos repartos entre Universidades correspondentes ao orzamento anterior ou ao curso que finaliza no ano anterior ao da formulación do orzamento.

ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS

RESUMO XERAL ORZAMENTO 2016. CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

INGRESOS			
	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAL
Capítulo III	22.828.159,05	0	22.828.159,05
Capítulo III custes indirectos	2.009.643,91	11.100.161,58	13.109.805,49
Subtotal Capítulo III	24.837.802,96	11.100.161,58	35.937.964,54
Capítulo IV	111.013.980,25	19.879.245,39	130.893.225,64
Capítulo IV custes indirectos	360.000,00	1.440.000,00	1.800.000,00
Subtotal Capítulo IV	111.373.980,25	21.662.266,80	133.036.247,05
Capítulo V	324.250,84	0,00	324.250,84
Capítulo VI	0,00	0,00	0,00
Capítulo VII	14.617.215,69	2.425.491,88	17.042.707,57
Capítulo VII custes indirectos	3.043.434,34	27.359.768,06	30.403.202,40
Subtotal Capítulo VII	17.660.650,03	29.785.259,94	47.445.909,97
Subtotal Capítulo IX	535.000,00	2.012.619,05	2.547.619,05
TOTAL INGRESOS	154.731.684,08	64.560.307,37	219.291.991,45

GASTOS			
2016	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAL
Capítulo I	122.197.463,36	19.700.475,38	141.897.938,74
Capítulo II	23.587.038,88	1.951.458,99	25.538.497,87
Capítulo III	1.043.404,29	0,00	1.043.404,29
Capítulo IV	1.106.000,00	826.791,42	1.932.791,42
Capítulo V	586.185,78	0,00	586.185,78
Capítulo VI	3.625.147,82	40.913.289,70	44.538.437,52
Capítulo VII	200.000,00	0,00	200.000,00
Capítulo IX	2.386.443,95	1.168.291,88	3.554.735,83
TOTAL	154.731.684,08	64.560.307,37	219.291.991,45

As contías e formulacións técnicas do orzamento difiren das incluídas nas Liñas Xerais aprobadas no Claustro nos seguintes aspectos:

- a) En termos técnicos, os fondos destinados a absorber o déficit acumulado da institución de acordo con establecido no Plan Económico Financeiro de Reequilibrio orzaméntanse no Capítulo V de gastos, como Fondo de Continxencia.

- b) En termos cuantitativos, o orzamento presenta un incremento de 5.423.097,1 € (4.886.989,7 € de créditos afectados e 536.107,4 € de créditos non afectados) respecto ao formulado nas liñas xerais a causa da recepción con posterioridade á elaboración da documentación do Claustro do convenio entre a Xunta e a Universidade para a determinación do financiamento desta no marco do PGFU 2016-2020, que modificou á alza as previsións de recursos afectados e realizou pequenos axustes nos fondos de resultados polo panel de indicadores e RAM, pola notificación dunha nova axuda do MINECO, orzamentada inicialmente como pasivo financeiro ata a súa xustificación, en que pasará a ser contabilizada como transferencia de capital, e que dá lugar á percepción de custes indirectos, e a outros pequenos axustes de contías para facer fronte a acordos derivados do debate no claustro.

O detalle dos movementos producidos en ingresos e gastos comparando liñas xerais e orzamento definitivo, contense no **cadro 1**.

DETERMINACIÓN DO TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO

O teito de gasto non financeiro con recursos non afectados para o exercicio 2016 ascende a 151.301.835,51 euros

ORZAMENTO DE INGRESOS

Cadro explicativo relacionado. Cadro 2

No que atinxe ao orzamento de ingresos, cómpre establecer a seguinte agregación e realizar as seguintes precisións:

INGRESOS NON AFECTADOS

Capítulo III	22.828.159,05
Capítulo III custes indirectos	2.009.643,91
Subtotal Capítulo III	24.837.802,96
Capítulo IV	111.013.980,25
Capítulo IV custes indirectos	360.000,00
Subtotal Capítulo IV	111.373.980,25
Capítulo V	324.250,84
Capítulo VI	0,00
Capítulo VII	14.617.215,69
Capítulo VII custes indirectos	3.043.434,34
Subtotal Capítulo VII	17.660.650,03
Subtotal Capítulo IX	535.000,00
TOTAL INGRESOS	154.731.684,08

O escenario para os ingresos non afectados parte da hipótese do mantemento nominal dos que se prevén liquidar en 2015, segundo as estimacións realizadas a data 5 de novembro, coa excepción dos recursos procedentes do PGFU, que se establecen en base ás cifras resultantes das previsións da Xunta contidas no convenio xa citado de aplicación do PGFU e do ingreso do anticipo/subvención do MINECO á que xa se fixo referencia e un pequeno axuste de custes indirectos derivados de subvencións de familias, corporacións locais e organismos administrativos.

De forma complementaria, a USC manterá en mercado, de acordo cos procedementos legalmente establecidos, o Vello Hospital de Galeras, co obxecto de financiar, no caso de se obter ingresos, accións de investimento e amortización de débeda. Igualmente, estarase ao resultado dos litixios co Estado en relación coas liquidacións do IVE, da que se coñece a data de sinalamento para a primeira resolución do Tribunal Supremo respecto á contía correspondente ao exercicio de 2005, que será o 9 de febreiro de 2016.

CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

Os conceptos de ingreso máis salientables e as súas contías neste capítulo son as seguintes:

Prezos públicos de matrícula, cun importe de **18.720 miles de Euros**, que supón unha nova redución respecto ao orzamentado en 2015 (19.140 miles de Euros) tendo en conta de que non se varían os prezos e que a recadación obtida en 2015, malia o repunte de alumnos de primeiro e primeira vez, diminúe a causa da transformación da estrutura dos estudos.

Os Prezos polo uso de servizos universitarios (**Centro de Linguas Modernas, Escola Infantil Breogán, Instalacións deportivas e Museo de Historia Natural**) acadan un total de **1.295 miles de Euros**, incrementando lixeiramente a previsión realizada en 2015 (1.220 miles de Euros).

Mención específica merecen os ingresos por **Dereitos de Aloxamento no Servizo Universitario de Residencias**, que se estiman en **2.108 miles de Euros**. Respecto ao exercicio de 2015 prevese unha diminución de ingresos de 138,6 mil Euros. Neste exercicio, o financiamento das **Bolsas Comedor do SUR**, computadas como gastos no Capítulo IV por un importe equivalente ao necesario para aportar aos titulares da bolsa de estudo do Ministerio de Educación recursos equivalentes aos que necesitan para satisfacer parte da diferenza entre o prezo da cota de residencia fixada no SUR e a cantidade percibida por ese concepto do MEC, farase contra recursos afectados, procedentes da partida do PGFU de compensación de bolsas MEC, prevéndose unha cantidade de 100 mil Euros a financiar con recursos non afectados para atender a estimación do importe necesario, que pasa de 566,6 miles de Euros en 2015 a **621,79 miles de Euros en 2016**. Esa contía figura incluída na previsión de ingresos por cotas de aloxamento.

As previsións pola prestación de **servizos docentes**, excluídos os cursos de posgrao, (**IV ciclo, cursos de verán**), os dereitos de **inscrición en oposicións** acadan un total de **164,11 mil Euros**.

Os ingresos derivados de compensación de **consumos de concesionarios** por subministracións (auga, enerxía) abonadas pola USC, así como os de **vendas de produtos ou servizos** (publicacións ou enerxía), e o **reintegro de anuncios** de contratación administrativa e **outros ingresos diversos**, acadan un total de **539,32 miles de Euros**.

En calquera caso, os ingresos máis salientables a efectos da xestión universitaria son os obtidos por custes indirectos de actividades formativas (sobre todo, cursos de posgrao propio, pero tamén a inscrición en congresos ou seminarios), **servizos de investigación** ou **prestacións clínicas**, que dan lugar a un ingreso non afectado de **2.009 miles de Euros** e posibilitan un gasto afectado de 11.100 miles de Euros. Este importe supón

incrementar a estimación realizada en 2015, que foi de 1.564,5 miles de Euros, nun 29%.

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

As partidas máis relevantes neste capítulo son as derivadas do novo PGFU e, en concreto, a subvención estrutural por **financiamento de coste estandar de docencia**, que acada os **98.928 miles de Euros**; a de mantemento do **Consello social**, por importe de **200 mil Euros**; e a parte imputada como **transferencia corrente** do financiamento por resultados derivado do **panel de indicadores** do novo Plan, por un importe de **11.885 miles de Euros**.

Adicionalmente, impútanse a este capítulo o importe equivalente aos **custes indirectos** que resultan de detraer o 20% á subvención aportada polo **Banco de Santander**, que sendo de 1.800 miles de Euros, supón un ingreso non afectado de **360 mil Euros**.

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Neste capítulo recóllense as estimacións de xuros a favor da USC polos seus saldos de activo en contas bancarias, que se estiman en **13,5 mil euros**; os correspondentes a canons de concesións administrativas, estimados en **100 mil Euros**, e os derivados de alugueres e produtos de inmobles, estimados en **210,75 mil Euros**.

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Neste capítulo orzaméntanse, esencialmente, dous tipos de ingreso:

- As subvencións ligadas ao PGFU de carácter non condicionado, que son a parte do fondo de resultados do panel de indicadores considerado como transferencia de capital, por un importe de **12.399,9 miles de Euros**, e o fondo de RAM, con un importe de **2.217,2 miles de Euros**.
- Os custes indirectos derivados de actividades de investigación de orixes diversas. Estes acadan un importe total de **3.043,4 miles de Euros** dando lugar a un gasto afectado de **27.359,7 miles de Euros**. Como tamén sucedeu nos ingresos correntes do capítulo III por este concepto, os custes indirectos que se prevé captar en 2016 superan en 634,2 mil Euros o previsto para 2015, é dicir, un 26,3% de incremento.

CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS

Neste capítulo recóllese o ingreso por custe indirecto derivado dunha subvención do MINECO que, coa técnica que actualmente utiliza, asigna inicialmente a axuda como un anticipo que é transformado en subvención de capital (CAPÍTULO VII) no momento en que se produce a xustificación de acción.

Esta forma de instrumentar as axudas está xerando problemas de cumprimento dos criterios de déficit definidos coa metodoloxía SEC en todas as universidades españolas, pero, en termos reais, os custes indirectos (neste caso, **535 mil Euros**) e os recursos afectados vinculados, son ingresos para executar gastos no exercicio.

INGRESOS AFECTADOS

Capítulo III	0
Capítulo III custes indirectos	11.100.161,58
Subtotal Capítulo III	11.100.161,58
Capítulo IV	19.879.245,39
Capítulo IV custes indirectos	1.440.000,00
Subtotal Capítulo IV	21.662.266,80
Capítulo V	0,00
Capítulo VI	0,00
Capítulo VII	2.425.491,88
Capítulo VII custes indirectos	27.359.768,06
Subtotal Capítulo VII	29.785.259,94
Subtotal Capítulo IX	2.012.619,05
TOTAL INGRESOS	64.560.307,37

No que respecta a ingresos afectados, a estimación que se reflicte no cadro anterior parte de non considerar inicialmente ningunha subvención corrente das que usualmente se perciben para programas de mobilidade e outras bolsas, por non dispoñer dun escenario certo ao respecto.

En consecuencia, as estimacións redúcense aos servizos por investigación, a proxectos de I+D e a cursos de posgrao, incluíndo a subvención de capital comprometida pola Xunta para compensar o pagamento pola USC de parte dos anticipos reintegrables asociados ao CIQUS, o CIMUS, os laboratorios de investigación da Facultade de Ciencias de Lugo, a melloras e extensión da rede de datos da USC, ao laboratorio de irradiación, a Plataforma para ensaio, validación e difusión de equipos de tecnoloxía ambiental, a Plataforma de Biotecnoloxía en Acuicultura e para a adquisición dun equipo de cromatografía líquida/espectrometría de masas (LC/MS) para a determinación de biomoléculas e neurotoxinas en matrices biolóxicas, como no ano 2015, pero engadindo os recursos correspondentes ao financiamento de fondos a liquidar por custe derivados do PGFU así como os do convenio suscrito co Banco de Santander e o da operación de anticipo do MINECO, dos que xa se falou.

Así, o importe total dos ingresos brutos estimados é de **70.508 miles de Euros**, dando lugar a unha xeración de ingresos líquidos para gastos de **64.560 miles de Euros** e un ingreso neto por custes indirectos de **5.948 miles de Euros**.

Dese total, **20.222,3 miles de Euros** correspóndense con ingresos procedentes do PGFU para gasto corrente (recuperación de extras, sexenios, complementos retributivos autonómicos, prazas vinculadas co SERGAS e estabilización de persoal investigador), **1.257 mil Euros** como operación de capital para **Campus Terra**, **1.168 miles de Euros** como subvención para operacións financeiras ligadas a **anticipos reembolsables**, que xa se sinalaron no parágrafo inicial, o que totaliza **22.647,3 miles de Euros** procedentes da Xunta como recurso afectado, que non dan lugar a ingresos por custes indirectos.

Pola súa parte, como xa se sinalou, o **Banco de Santander** proporciona 1.800 mil Euros, dos que se detraen 360 mil como custe indirecto e **1.440 mil euros** mantéñense como recurso para gasto.

En consecuencia, os ingresos afectados netos derivados de actividades de I+D e docentes son **40.472,55 mil euros** por servizos prestados a particulares e por subvencións de capital captadas, fundamentalmente, do Estado, da Xunta e da Unión Europea. Esta cifra é a comparable coa do orzamento de 2015 no que se prevía un ingreso afectado neto de 29.850,95 mil Euros de captación de fondos fronte aos actuais 40.472,55 miles de Euros (10.621,60 miles de Euros de incremento nas previsións de ingresos, é dicir, un 36%).

ORZAMENTO DE GASTOS

GASTOS NON AFECTADOS

Capítulo I	122.197.463,36
Capítulo II	23.587.038,88
Capítulo III	1.043.404,29
Capítulo IV	1.106.000,00
Capítulo V	586.185,78
Capítulo VI	3.625.147,82
Capítulo VII	200.000,00
Capítulo IX	2.386.443,95
TOTAL	154.731.684,08

De cara á priorización das accións en materia de gasto levarase a efecto de forma permanente:

- Unha análise rigorosa da posibilidade de obtención de novos ingresos
- Unha revisión das liñas de gasto dos capítulos II, III, IV, VI e VII.
- Unha limitación do impacto dos recortes en capítulo 1 ao mínimo indispensable.

Con estas premisas, de seguido, detállanse as liñas orzamentarias por capítulo de gasto.

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

Cadro explicativo relacionado. Cadros 3 a) e b)

Na contía establecida para o capítulo I dentro do financiamento non afectado é necesario lembrar que non están incluídos diversos conceptos, que teñen a consideración de gastos financiados con ingresos afectados. En concreto, estes son os seguintes:

Devolución do 50% da paga extraordinaria retirada en 2012

3.090.522,53 €

Este é un gasto non consolidable e de carácter singular. Pola contra, os que se relacionan de seguido teñen carácter permanente, e computan aos efectos dos límites de autorización de gastos de persoal que fixa a Xunta, aínda que dende 2016 serán financiados polo custe efectivamente incorrido en cada universidade e financiados segundo o ano base de cálculo do PGFU, que é o 2014.

Así, o gasto previsto para 2016, incorporando o incremento do 1% das retribucións estipulado na Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia, é o seguinte:

Sexenios	5.196.609,38 €
Complementos retributivos autonómicos	6.088.296,36 €
Retribucións SERGAS de prazas vinculadas	3.235.235,56 €
50% coste seguridade social prazas vinculadas	267.347 €
TOTAL GASTO RECORRENTE AFECTADO	14.787.488,29 €

En consecuencia, dentro dos 122.197.463,36 € orzamentados con recursos non afectados inclúense os seguintes gastos:

- a) Os necesarios para facer fronte a unha cantidade alzada de 150.000 € para atender a indemnizacións derivadas de resolucións xudiciais relativas a persoal, gasto de carácter non consolidable.
- b) O importe do cadro de persoal existente a 1 de xaneiro de 2016; a redución de custe derivado do importe das prazas a diminuír por xubilacións forzosas de PDI e PAS funcionario (17 e 5 efectivos) e de PAS laboral acollido á xubilación parcial (o que obviamente tamén supón a diminución da praza de remuda, afectando, en consecuencia, a 16 (8+8) persoas); o incremento de custes por derivas de trienios e quinquenios; a compensación polas diferenzas detectadas nas nóminas do PAS laboral no periodo 2010-2015 derivadas da consolidación da aplicación do acordo de PAS funcionario de 2007; os custes de acción social e, finalmente, o incremento do 1% das retribucións de persoal. O importe acumulado deste conxunto de elementos acada os 121.497.463,36 euros.
- c) Un fondo de 550.000 € en valor anual, que, de conformidade aos criterios de avaliación de gasto consolidado que se conteñen na reformulación do Plan Económico-Financeiro de reequilibrio (permitindo obter o cálculo da variación do financiamento estrutural e o de resultados do panel de indicadores na hipótese de que non variase o importe total dos recursos e operando coa media dos datos efectivos de matrícula dos cursos 2013/2014 e 2014/2015, que é o sistema establecido no plan, dando lugar a que en 2017 a USC perciba un mínimo de 360 mil Euros máis que en 2016) equivale a un importe de reposición de custes de persoal en valor anual para 2017 de 950.000 €. Ese fondo permitirá adoptar aos órganos de goberno da USC, previa negociación coa representación do persoal, as decisións que procedan respecto á estabilización, a promoción, a reorganización de servizos ou a reposición efectiva de prazas de PDI e PAS.

O **orçamento proposto**, que, a estes efectos, incorporando recursos afectados e non afectados, acada un importe de **136.834.951,65 €**, atópase dentro do límite fixado pola Xunta de Galicia, que é de 137.104.280 €

Esta nova dotación orzamentaria para o capítulo I de gasto permite axustar a programación prevista na programación plurianual en relación a este capítulo aumentando en 582 mil Euros a capacidade real de gasto.

A principal actualización radicarán na mellora da consolidación, promoción e creación de novas prazas. O compromiso adquirido neste sentido ante o Claustro, e logo aprobado polo Consello Social, indicaba que previa negociación sindical, buscarase, por un lado, a estabilización en prazas de carácter permanente e, por outro, garantir a promoción académica e salarial recoñecida como dereito do PDI e o PAS. Esta acción desenvolve a liña mestra marcada no Plan estratéxico da USC relativa ao “Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal”, establecendo un modelo de carreira profesional e promoción para o PDI e o PAS.

En relación ao Persoal Docente e Investigador, atenderase ás tres liñas de actuacións fundamentais: consolidación, promoción e atención ás necesidades docentes. O obxectivo fundamental no ano 2016 establécese na atención das necesidades docentes e na consolidación do persoal con compromiso de estabilización que na actualidade non dispón dun réxime de permanencia na Universidade de Santiago de Compostela, atendendo na medida do posible tamén a promoción. O orzamento proposto para este ano contempla a posibilidade real de lograr a estabilización de todo o PDI do capítulo 1 que na actualidade non goza dun estatus de estabilidade laboral e ten compromiso de estabilización (profesorado interino de vacante con compromiso de estabilización, segunda fase de estabilización do PDI procedente dos programas de investigación Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal e promoción de profesorado por convenio colectivo).

Isto suporá un importante fito nas relacións laborais na nosa universidade e permitirá destinar a maior parte dos recursos establecidos nos orzamentos vindeiros tanto á atención de necesidades docentes como á promoción, tratando de aproveitar ao máximo as posibilidades da normativa estatal, en tanto esta non cambie e permita contemplar as accións de promoción coma un proceso evolutivo na carreira profesional e non coma a convocatoria de prazas de categoría diferentes, o que obriga á dotación íntegra de cada unha das prazas. No caso de que no ano 2016 se produzan cambios no marco legal que permitan a promoción interna real a Catedrático de Universidade (que non precise da dotación íntegra da praza promocionada) establecerase un mecanismo orzamentario para facer posible a promoción.

Asemade, establecerase unha planificación orzamentaria para que no total do periodo 2016 - 2018 se destine, polo menos, o mesmo orzamento para a promoción do PDI acreditado a corpos de funcionarios, que para a estabilización.

En relación ao Persoal de Administración e Servizos, a Programación Plurianual indicaba no seu apartado relacionado coa comunidade universitaria unha serie de accións relacionadas coa reorganización de servizos, un axuste da Relación de Postos de traballo á nova realidade da USC, unha mellora da profesionalización e o inicio dun proceso de funcionarización do Persoal Laboral de Administración e servizos.

A funcionarización integrará un proceso de remodelación de determinadas áreas, de xeito que se poda conciliar a necesidade de prestación de novos servizos coa mellora profesional do persoal. Neste sentido dotarase o financiamento para reposicións ou reordenacións de prazas de PAS aplicando en todo caso os recursos derivados do proceso de funcionarización de PAS laboral así como os que resulten das posibilidades orzamentarias anuais para o desenvolvemento das políticas de persoal da USC.

A estratexia orzamentaria prevista para o ano 2016 en relación ao capítulo I posibilita os primeiros pasos para o cumprimento das previsións establecidas na Programación Plurianual e nos mandatos aprobados polo Plan Estratéxico. En concreto, dentro da Oferta de Emprego de PAS do exercicio 2016, previa negociación cos órganos de representación do persoal, incluírase a promoción ao Grupo C1 das prazas de PAS funcionario do Grupo C2 sobre as que, con anterioridade, se tiñan asumido compromisos nese sentido.

Polo que se refire ao persoal contratado con recursos afectados de I+D, a consolidación de actividades e proxectos de investigación, como é o caso dos Programas de Xestión Integrada, irá acompañada de accións xurídica e financeiramente viables de consolidación de postos de traballo e regulación de dereitos laborais do dito persoal. A este persoal deixará de aplicárselle a redución salarial establecida de forma xeral para o persoal das Administracións Públicas en canto a normativa o permita

Todos os acordos que afecten á estabilización, promoción, axustes da RPT e procesos de funcionarización serán negociados cos representantes sindicais dos colectivos afectados.

CAPÍTULO II. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

Cadro explicativo relacionado. Cadro 4

O orzamento proposto mantén unha liña de contención do gasto, sustentable a causa da diminución dos gastos fiscais correspondentes ao IBI dos edificios universitarios de Santiago de Compostela en aplicación do convenio suscrito en 2005 co Concello, que fixou unha exención dese imposto desde ese ano e un pagamento aprazado da débeda por liquidacións do imposto anteriores á data de subscrición do convenio, pagamentos satisfeitos pola USC e que remataron en 2015, e pola efectiva diminución do gasto enerxético a causa da incorporación de novos equipos de coxeneración na Residencia Monte da Condesa e das accións de aforro nas que se persiste, e para o deseño das cales está a piques de se subscribir un convenio xa negociado co INEGA. Dentro deste contexto de contención, en 2016 primouse o financiamento de servizos básicos, como a Biblioteca e a área TIC, sostendo o nivel de descentralización de créditos (que se intensificou, como despois se verá, no capítulo VI), e axustando os créditos centralizados e os de subministracións e servizos xerais.

CAPÍTULO II	2015	2016	VARIACIÓN
Créditos centralizados	22.383.000 €	22.527.038,88 €	144.038,88 €
Créditos descentralizados	1.030.000 €	1.060.000 €	30.000 €
TOTAL	23.413.000 €	23.587.038,88 €	174.038,88 €

A concreción do orzamento respecto aos **créditos centralizados** son as seguintes:

CAPÍTULO II	2015	2016	VARIACIÓN
Subministracións e servizos	18.059.762 €	17.327.762 €	- 732.000,00 €
Outros gastos centralizados	807.739,30 €	814.585,01 €	6.845,71 €
Servizos de apoio á docencia e á investigación	2.368.185,71 €	2.742.538,50 €	374.352,79 €
Servizos á comunidade universitaria	1.147.312,99 €	1.652.153,37 €	504.840,38 €

O incremento reflectido en outros gastos centralizados correspóndense cun axuste á alza do crédito de reparación de maquinaria (975,2 €) e dos gastos de funcionamento do Consello Social (5.870,18 €).

Conforme ao establecido na Programación Plurianual, estase a executar unha estratexia orzamentaria para o aforro en subministracións e servizos (convenios, aforro enerxético...) para aumentar o investimento nos servizos á comunidade universitaria, tanto na docencia como na investigación, con especial atención á internacionalización, á transferencia de resultados, á modernización de servizos e á consolidación da estratexia dos Campús especializados de excelencia.

En concreto, os gastos, incluídos en servizos de apoio á docencia e á investigación, correspondentes á Biblioteca Universitaria son os seguintes:

CAPÍTULO II	2015	2016	VARIACIÓN
Gastos operativos e de adquisición de fondos	742.000 €	887.852,79 €	145.852,79 €
BUGalicia para subscrición de publicacións	1.200.916,99 €	1.600.916,99 €	400.000,00 €

En relación co consorcio BUGalicia, cómpre salientar que existe unha addenda a convenio base que establece que cada universidade debe contribuír co 5% dos custes indirectos procedentes de proxectos e axudas de investigación procedentes da Xunta de Galicia. No exercicio de 2016 finánciase esa contía con recursos ordinarios, malia o cal é indispensable clarificar o funcionamento dese instrumento, que fai que a nosa universidade contribúa aos gastos de BUGalicia dun xeito proporcionalmente desaxustado e pouco certo e programable e, ademais, fóra do procedemento orzamentario normal que se deriva da circunstancia de que os custes indirectos forman parte do financiamento ordinario e non afectado da institución.

A proposta orzamentaria para o ano 2016, así como as medidas de revisión da RPT encetadas, pretenden mellorar os servizos da biblioteca, tal e como se indica na Programación Plurianual e acometer no prazo previsto a instrución indicada no relacionado coa reorganización do servizo bibliotecario e arquivístico para converterse nun centro de recursos e competencias transversais para a docencia e investigación.

Pola súa parte, os gastos previstos para a **área TIC**, incluídos no bloque de servizos á comunidade universitaria, experimentan a seguinte evolución:

CAPÍTULO II	2015	2016	VARIACIÓN
Gastos correntes área TIC	719.312,99 €	1.273.046,37 €	553.733,38 €

Neste sentido, cúmprese o obxectivo definido na Programación Plurianual e no Plan estratéxico da USC, no que se indicaba o inicio dunha serie de procesos para lograr a modernización da estrutura organizativa da Área TIC e a mellora das ferramentas informáticas básicas.

CAPÍTULO III. GASTOS FINANCEIROS

Malia se ter renegociado as condicións do refinanciamento con ABANCA e procedido a substituír a operación contraída co BBVA por outra, en moitas mellores condicións de prezo, tamén con ABANCA (o que supuxo unha diminución do custe financeiro desas operacións de arredor os 200 mil Euros anuais), o importe necesario para facer fronte

ás obrigacións previsibles por este concepto sofre un incremento respecto ao exercicio de 2015 debido á necesidade de prover uns 469 mil Euros para facer fronte, sobre todo, a xuros por mora na devolución de subvencións cuxa xustificación non foi aceptada ou que non se executaron na súa totalidade.

Polo tanto, estas accións contempladas nestas liñas xerais de orzamento corresponden ao compromiso adquirido no Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio incluídas na Programación Plurianual aprobada polo Claustro no ano 2014.

Cadro de autorizacións de gastos financeiros

PRÉSTAMOS BANCARIOS

ENTIDADE	CAPITAL PENDENTE DE AMORTIZAR	TIPO XURO (igual 4º trimestre 2015)	XUROS ANUAIS
ABANCA (tipo variable)	10.626.117,52	0,779	82.777,46
ABANCA (SUBSTITÚE BBVA) (tipo variable)	8.461.538,48	0,990	83.769,23
SANTANDER (tipo fixo)	6.815.934,06	2,300	156.766,48
TOTAL PRÉSTAMOS			323.313,17

APRAZAMENTO ANTICIPOS REEMBOLSABLES

ENTIDADE	CAPITAL DOS APRAZAMENTOS DA ANUALIDADE 2014	XURO LEGAL DO DIÑEIRO (2014-2015-2016)	XUROS ANUAIS
MINISTERIO DE ECONOMÍA ECOMPETITIVIDADE	1.583.534,95	4%-3,5%-3%	115.940,44

AVAIS, COMISIÓNS, CORRETAXES, OUTROS (en función gasto 2015)			131.643,43
---	--	--	-------------------

SUBTOTAL			570.897,04
-----------------	--	--	-------------------

CONCEPTO	CAPITAL PREVISTO DEVOLVER	XURO MORA PROMEDIO 2008-2016	XUROS
Devolución sobranse anticipo CITIUS (desde 17/10/09)	262.334,50	5%	91.817,08
Devolución sobranse anticipo APL, (desde 31/01/08) capital apróx.	400.000,00	5%	160.000,00
Outras devolucións por previsión a tanto alzado en función das devolucións de 2015	-	-	220.690,17
TOTAL XUROS POR MORA			472.507,25

TOTAL GASTOS FINANCEIROS			1.043.404,29
---------------------------------	--	--	---------------------

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Cadro explicativo relacionado.Cadro 5

Este capítulo, no que atinxe ao gasto financiado con recursos non afectados, redúcese nun importe de 778.600 Euros respecto ao exercicio de 2015. A diferenza máis salientable radica na redución das bolsas e subvencións xenéricas (en 282.615 Euros), na das transferencias a servizos universitarios (en 14.200 Euros), nas transferencias a servizos interuniversitarios (en 15.000 Euros), na de subvencións a institucións e actividades externas (en 185 Euros) e as correspondentes ao importe das denominadas Bolsas de Comedor do SUR (en 466.600 Euros).

Non obstante, esta redución, como se verá cando se fale dos gastos con recursos afectados, queda compensada con creces coa aportación de fondos procedentes do patronicio do Grupo Santander (305 mil Euros) e os que proceden do financiamento do PGFU para compensación de bolsas MEC, que acada o importe de 521,79 mil Euros. Así, o orzamento realmente dispoñible, entre recursos afectados e non afectados, medra lixeiramente (48.191,42 Euros) en conxunto, situándose nun importe agregado de 1.932 miles de Euros en 2016, de forma que é posible cumprir o mandato do claustro, reflectido nas liñas xerais do orzamento, de destinar unha cantidade de ingresos finalistas a equiparar ou superar o investimento en bolsas e subvencións do orzamento do ano 2015.

As contías reflectidas permiten financiar os compromisos coa Fundación USC Deportiva, con UNIXEST, coa Fundación Rof Codina, co CIXUG, co Consorcio BU Galicia, coa CIUG, co Grupo Compostela, coa Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais e co ITMATI, ademais de manter o apoio a iniciativas simbólicas e relevantes como o Padroado Rosalía de Castro, o Museo do Pobo Galego e o Padroado da Casa da Troia. Igualmente, resérvanse 22.500€ para as accións que decida promover o Consello Social, ao que se insta que diferencie as convocatorias que, no seu caso, realice dirixidas a financiar actividades de carácter institucional, ás que poderán concorrer autoridades e cargos da universidade na súa condición de responsables de centros ou servizos da institución, das dirixidas a financiar actividades promovidas por membros da comunidade universitaria ao marxe da calquera responsabilidade institucional, ás cales lles será de aplicación o establecido no artigo 70.3 dos Estatutos da USC.

CAPÍTULO VI E VII. OPERACIÓNS DE INVESTIMENTO

Cadro explicativo relacionado. Cadro 6

No que atinxe a operacións de investimento, os recursos dispoñibles en 2016 serán superiores aos dispostos en 2015 (3.302 miles de Euros en 2015 fronte a 3.625 miles de Euros en 2016, un incremento de 323 mil Euros).

Tal incremento débese á posibilidade, xa sinalada, de financiar con recursos afectados procedentes do PGFU gastos que, nas liñas xerais de orzamento, estaba previsto financiar con recursos non afectados.

No que atinxe á estrutura da aplicación deses recursos, as prioridades sitúanse en tres obxectivos definidos na Programación Plurianual:

- a) Acrecer os recursos para o equipamento docente de centros e para as accións de mellora, facendo que o orzamento descentralizado neste capítulo destinado a centros docentes (Facultades e escolas) dispoña 150.000 euros para o reparto estrutural e 120.000 euros para as accións de mellora (270.000 Euros en total).
- b) Atender as necesidades de renovación da infraestrutura tecnolóxica da área TIC, en grave de risco de obsolescencia, a través dun investimento de choque que pase dos 394 mil Euros destinados a ese fin en 2015 a 1.000.000 € en 2016.
- c) Reaxustar o plan de investimentos de reparación, ampliación e mellora, dotándoo cun orzamento de 1.905 miles de Euros, dentro dos que se atenderá a acción urxente de recalce do pavillón docente da Facultade de Farmacia, que terá un custe inicial de 339 mil Euros e corrixindo deficiencias de edificios e de instalacións que impliquen incumprimentos de normas e regulamentacións industriais e situacións de risco laboral valorados como altos.
- d) Corrixir deficiencias de edificios e de instalacións que impliquen incumprimentos de normas e regulamentacións industriais e situacións de riscos laborais valorados como autos.

Igualmente, e en coherencia co sinalado no parágrafo b) anterior, destinaráanse 200.000 Euros para o desenvolvemento de aplicacións a través do CIXUG, dotando esa contía no capítulo VII do orzamento de gastos.

GASTOS LIGADOS AO SANEAMENTO FINANCEIRO

Por último, é necesario salientar o incremento substancial dos recursos que o orzamento deberá dedicar ás operacións de saneamento financeiro (Capítulos IX e V de gastos, respectivamente), que se destacan no cadro seguinte:

CONCEPTO	2015	2016	VARIACIÓN
Amortización de anticipos reintegrables	802.909 €	2.386.443,95 €	1.583.534,95 €
Absorción do déficit acumulado (liñas orzamento)	64.702,64 €	586.185,78	521.483,14 €
TOTAL	867.611,64 €	2.972.629,73 €	2.105.018,09 €

ORZAMENTO DE GASTOS DO CONSELLO SOCIAL

En aplicación do criterio establecido na Lei do Sistema Universitario galego e no PGFU, que destina unha cantidade específica de 200 mil Euros para o funcionamento do Consello Social, o orzamento reserva estas cantidades, á expensas da decisión autónoma que, na distribución dos recursos, adopte ese órgano:

GASTOS ORZAMENTO 2016 CONSELLO SOCIAL		
CAPÍTULO II		
	Consello Social	117.500,00 €
	<i>Auditorías contables</i>	40.000,00 €
	<i>Material Ordinario non inventariable</i>	20.000,00 €
	<i>Atencións protocolarias e representativas</i>	10.000,00 €
	<i>Funcionamento órgano</i>	20.000,00€
	<i>Cursos e conferencias</i>	10.000,00€
	<i>Primas de seguros e comunicacións</i>	7.500,00€
	<i>Información e divulgación</i>	20.000,00€
CAPÍTULO IV		
	Consello Social	57.500,00 €
	<i>Subvencións para actividades</i>	57.500,00 €
CAPÍTULO VI		
	Consello Social	25.000,00 €
	<i>Moblaxe e equipamento</i>	25.000,00 €
TOTAL		200.000,00 €

GASTOS AFECTADOS

No que atinxe a gastos afectados, o cadro seguinte reflicte as obrigas incorporadas en cada capítulo:

Capítulo I	19.700.475,38
Capítulo II	1.951.458,99
Capítulo III	0,00
Capítulo IV	826.791,42
Capítulo V	0,00
Capítulo VI	40.913.289,70
Capítulo VII	0,00
Capítulo IX	1.168.291,88
TOTAL	64.560.307,37

Como xa se sinalou, os gastos afectados proceden de catro fontes diversas:

- a) Os recursos estruturais e de resultados do PGFU, que afectan:
 - 1.- Ao Capítulo I, dentro do cal hai un importe de 14.787.487,99 Euros (pagamento de sexenios, complementos retributivos autonómicos de 2016, retribucións e 50% de seguridade social de prazas vinculadas do SERGAS) que entran no límite de gasto de persoal autorizado pola Xunta e que se engade aos recursos do capítulo I financiados con fondos non afectados; pero tamén hai tres conceptos, o que se corresponde co pagamento dos atrasos dos complementos retributivos autonómicos de 2015 aínda non resoltos (cun importe estimado de 404.411,2 Euros); os fondos derivados dos programas de estabilización de investigadores (274.635,91 Euros) e a cantidade reservada polo SERGAS para financiar prazas vinculadas na USC que, dada a minoración de efectivos do cadro de persoal propio da universidade, están pendentes de aplicar a novas prazas vinculadas ou conveniar para novas necesidades (1.143 miles de Euros).
 - 2.- Ao Capítulo IV, financiando 521.791,42 Euros as bolsas comedor do SUR co fondo de compensación de Bolsas MEC.
- b) Os recursos da Xunta dirixidos a fins específicos, como son o convenio para Campus Terra (1.257 miles de Euros, imputado no Capítulo VI) e o dirixido a financiar unha parte do anticipo reintegrable ligado ao Campus Vida, incluído no Capítulo IX de gastos.

- c) Os correspondentes ao financiamento de actividades de formación de posgrado e prestación de servizos ou desenvolvemento de actividades de investigación (fondo de cursos de posgraao no capítulo II por 1.602 mil Euros; fondo para actividades contratadas de I+D no capítulo VI por 9.497,7 miles de Euros e fondo para actividades finalistas de I+D, por 29.372,3 miles de Euros, tamén no capítulo VI).
- d) Os correspondentes ao financiamento do Grupo Santander, que se concretan en 349 mil Euros no Capítulo II; en 305 mil Euros no Capítulo IV e en 786 mil Euros no Capítulo VI, de acordo cos destinos e finalidades fixadas no convenio que se xuntan en cadro específico (Cadro 7) e que sintetízanse nas seguintes liñas de actuación:
- 1.- No que atinxe a programas de xestión e captación de talento, aplícanse 449 mil Euros, divididos en actividades de divulgación científica (onde se incorporan os gastos de funcionamento do Museo de Historia Natural, a museografía do Museo Domus Mitrea e unha exposición sobre a evolución do equipamento informático na USC); o financiamento da licenciabilidade de patentes, o apoio a cátedras iberoamericanas, o apoio a centros singulares de investigación e outras estruturas de I+D (como as estacións biolóxicas), e un complemento aos programas de captación de talento.
 - 2.- No que atinxe a acción de apoio ao emprendemento, destinaranse 165 mil Euros (subvención a UNINOVA, accións de fomento do emprendemento e ao acelerador de transferencia).
 - 3.- No que afecta a programas de apoio á innovación docente, aplicaranse 160 mil Euros.
 - 4.- Para o desenvolvemento da administración electrónica, adicaránse 50 mil Euros.
 - 5.- Para a promoción internacional da USC destinaránse 471 mil Euros, dentro dos cales se financiará a instalación do Welcome Center e se atenderá aos gastos de funcionamento do Servizo de Relacións Exteriores.
 - 6.- Finalmente, no apoio a accións de responsabilidade social e voluntariado, adicaranse 145 mil Euros.

CADROS EXPLICATIVOS

CADRO 1: DIFERENCIAS ENTRE AS CONTÍAS ORZAMENTARIAS RECOLLIDAS NAS LIÑAS XERAIS E NO ORZAMENTO DEFINITIVO DA USC PARA 2016

INGRESOS 2016	LIÑAS	ORZAMENTO	DIFERENCIA	AFECTADO	NON AFECTADO
Contía de recuperación do 50% da extra de 2012	3.112.480,81	3.090.522,53	-21.958,28	-21.958,28	0
Ingresos para prazas vinculadas do SERGAS	3.148.233,19	4.646.000,00	1.497.766,81	1.497.766,81	0
Sexenios, complementos retributivos e compensación bolsas	10.812.546,24	12.211.108,36	1.398.562,12	1.398.562,12	0
Diferencia contía subvención por panel indicadores	24.277.030,00	24.285.536,56	8.506,56	0	8.506,56
Diferencia contía subvención RAM	2.217.302,08	2.217.242,10	-59,98	0	-59,98
Diferencia custes indirectos subvencións familias, organismos autónomos e corporacións locais			-7.339,18	0	-7.339,18
Pasivos financeiros investigación (anticipos MINECO)	0	2.012.619,05	2.012.619,05	2.012.619,05	0
Custes indirectos pasivos financeiros investigación	0	535.000,00	535.000,00	0	535.000,00
TOTAL	43.567.592,32	48.998.028,60	5.423.097,10	4.886.989,70	536.107,40

	TOTAL	AFECTADO	NON AFECTADO
LIÑAS XERAIS	213.868.894,35	59.673.317,67	154.195.576,68
ORZAMENTO	219.291.991,45	64.560.307,37	154.731.684,08
Diferencia	5.423.097,10	4.886.989,70	536.107,40

GASTOS 2016	LIÑAS	ORZAMENTO	DIFERENCIA	AFECTADO	NON AFECTADO
Extras	3.112.480,81	3.090.522,53	-21.958,28	-21.958,28	0
SERGAS retribucións	3.148.233,19	3.235.235,56	87.002,37	87.002,37	0
SERGAS seguridade social	267.347,00	267.347,00	0,00	267.347,00	-267.347,00
SERGAS pendente de aplicar	0	1.143.417,44	1.143.417,44	1.143.417,44	0
Sexenios e Complementos retributivos autonómicos	10.812.546,24	11.284.905,74	472.359,50	472.359,50	0
Atrasos Complementos retributivos autonómicos 2015	404.411,20	404.411,20	0,00	404.411,20	-404.411,20
Incremento recursos investigación	0	2.012.619,05	2.012.619,05	2.012.619,05	0
Incremento recursos bibliotecarios	0	400.000,00	400.000,00	0	400.000,00
Outros incrementos en gastos capítulo II servizos apoio docencia	0	66.107,73	66.107,73	0	66.107,73
Bolsas comedor recursos afectados	0	521.791,42	521.791,42	521.791,42	0
